



CONVOCATORIA FORMACIÓN XUÍCES DE PATINAXE FREESTYLE TEMPADA 2026/2027

A Federación Galega de Patinaxe convoca unha acción formativa dirixida a aquelas persoas interesadas en formarse como Xuíz Autonómico de Patinaxe Freestyle, nos ámbitos de Inline Freestyle, Roller Freestyle e Skate Cross, así como á actualización e reciclaxe de xuíces que xa exerceron funcións arbitrais con anterioridade.

A convocatoria ten como obxectivo establecer unha estrutura común, progresiva e coordinada de formación arbitral para a tempada 2026/2027, garantindo a calidade técnica, a homoxeneidade de criterios e a correcta aplicación dos regulamentos vixentes nas probas organizadas ou recoñecidas no ámbito da FGP.

A formación estrutúrase en roles diferenciados, ordenados de menor a maior responsabilidade, aos que se poderá acceder de forma progresiva segundo a formación superada, a experiencia acreditada e os criterios que establezan a FGP e, na parte específica, a RFEP.

- **Xuíz Auxiliar:** persoa que realiza a formación base común e supera unha proba teórica básica, quedando capacitada para colaborar en tarefas de apoio, asistencia e control operativo en competicións oficiais.
- **Xuíz Especialista:** persoa que, ademais da formación base, supera a formación específica e a avaliación correspondente a unha modalidade ou grupo de disciplinas, quedando habilitada para exercer funcións arbitrais exclusivamente nesas especialidades.
- **Xuíz Principal:** persoa que acredita a condición de Xuíz Especialista nas disciplinas que se desenvolvan nunha mesma proba e que reúne a experiencia mínima requirida para exercer funcións de coordinación arbitral.

A superación da formación correspondente e a obtención do rol asignado será requisito para poder exercer funcións arbitrais nas competicións oficiais da tempada 2026/2027, segundo o nivel, especialidade e responsabilidades asociadas a cada rol.

1.- HORARIO, FORMATO E DESENVOLVEMENTO

A formación desenvolverase combinando contidos online, sesións presenciais ou telemáticas e, cando proceda, prácticas ou validacións vinculadas a competicións oficiais da tempada 2026/2027.

- O acceso á carpeta de formación e aos contidos da parte online habilitarase o día 12 de setembro de 2026.
- As sesións presenciais poderán desenvolverse de forma física ou telemática, segundo necesidades organizativas e criterios técnicos da formación.
- As formacións presenciais ou telemáticas iniciaranse a partir do 12 de setembro de 2026. As datas concretas, horarios e formato definitivo serán comunicados con antelación ás persoas inscritas.
- A parte práctica ou de validación en competición, cando proceda, realizarase durante probas oficiais da FGP ou actividades que se determinen para tal fin.

As datas poderán ser axustadas por necesidades organizativas, dispoñibilidade do profesorado, coordinación coa RFEP ou modificacións do calendario deportivo.



2.- PARTICIPACIÓN

A formación estrutúrase en tres roles diferenciados: Xuíz Auxiliar, Xuíz Especialista e Xuíz Principal. Para participar na formación correspondente a cada un deles, serán requisitos indispensables os que se detallan a continuación.

2.1. Xuíz Auxiliar

Poderán optar á formación como Xuíz Auxiliar aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter polo menos 16 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición.
- Formalizar a inscrición online en tempo e forma dentro do prazo establecido nesta convocatoria, no enlace <https://forms.gle/QjxhajYvw9d2XFFr7>.
- Aceptar as normas de participación, seguimento e avaliación establecidas pola organización da formación.

A superación da formación base e da proba correspondente permitirá obter a condición de Xuíz Auxiliar.

2.2. Xuíz Especialista

Poderán optar á formación como Xuíz Especialista aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Cumprir os requisitos establecidos para Xuíz Auxiliar.
- Ter subscrito algunha licenza federativa na FGP polo menos unha vez nos últimos 4 anos, ben sexa como patinador/a, xuíz/a, adestrador/a, delegado/a ou noutra condición federativa recoñecida.
- Formalizar a inscrición online en tempo e forma, indicando expresamente a modalidade ou modalidades nas que se solicita formación específica, no enlace <https://forms.gle/QjxhajYvw9d2XFFr7>.
- Superar a formación específica e a avaliación correspondente á modalidade ou disciplina concreta á que se opte, conforme aos criterios que estableza a RFEP para cada especialidade.

A acreditación como Xuíz Especialista será válida unicamente para as especialidades nas que se supere a formación correspondente.

A efectos de inscrición nesta convocatoria, establécense as seguintes especialidades principais de Xuíz Especialista:

- **Inline Freestyle:** especialidade correspondente ás disciplinas propias de Inline Freestyle, incluíndo os bloques técnicos que determine a normativa vixente e a RFEP.
- **Roller Freestyle:** especialidade correspondente ás disciplinas de Street, Park e Bowl, segundo a normativa vixente aplicable.
- **Skate Cross:** especialidade correspondente ás probas de Skate Cross, Team Cross, Roller Cross e Pump Track, conforme á regulamentación técnica aplicable.

Unha mesma persoa poderá obter acreditación como Xuíz Especialista en varias especialidades, sempre que supere de forma independente os contidos formativos, avaliacións e requisitos correspondentes.

2.3. Xuíz Principal

Poderán optar á habilitación ou validación como Xuíz Principal aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter subscrito licenza de xuíz/a na FGP e ter exercido funcións arbitrais en probas oficiais polo menos nunha ocasión nos últimos 3 anos.
- Acreditar a condición de Xuíz Especialista nas disciplinas que se desenvolvan na proba para a que poida ser designado/a.
- Superar, de ser o caso, as probas, validacións ou requisitos adicionais que establezan a FGP ou a RFEP para o exercicio deste rol.



3.- RESPONSABLES DE FORMACIÓN E PROFESORADO

A coordinación autonómica da formación corresponderá aos responsables de formación designados polo Comité Galego de Patinaxe Freestyle:

- **José Luis Rodríguez Costa**, xuíz nacional en todas as disciplinas.
- **José Manuel Lago Varela**, xuíz nacional de Inline Freestyle e Skate Cross.

A parte común autonómica, a coordinación xeral, o seguimento das inscricións e a organización das sesións corresponderán aos responsables autonómicos indicados.

A parte específica de cada modalidade ou disciplina será impartida polas persoas responsables que a RFEP considere oportunas. Os criterios de formación, avaliación, superación e habilitación da parte específica serán os que determine a RFEP para cada especialidade.

4.- INSCRICIÓN E COTAS

O prazo de inscrición abrirase no momento de envío ou publicación da presente convocatoria e pecharase o día 11 de setembro de 2026 ás 23:59 horas.

As persoas interesadas deberán realizar a inscrición online a través do formulario habilitado pola FGP no momento do envío da convocatoria. A inscrición considerárase formalizada unha vez cuberto o formulario e, cando corresponda, enviado o xustificante de pagamento ao correo electrónico comitefreestyle@fgpatinaxe.gal.

As cotas de inscrición serán as seguintes:

- **Formación de Xuíz Auxiliar:** 30 €.
- **Formación de Xuíz Especialista:** 60 € por unha primeira especialidade.
- **Especialidades adicionais de Xuíz Especialista:** 20 € por cada especialidade adicional na que se inscriba a mesma persoa.

A efectos económicos desta convocatoria, considéranse especialidades principais de Xuíz Especialista: Inline Freestyle, Roller Freestyle e Skate Cross.

Todos aqueles xuíces ou aspirantes que xulgaran algunha proba durante a tempada 2026 terán dereito aos seguintes descontos:

- 10 € de desconto sobre a formación de Xuíz Auxiliar.
- 10 € de desconto por cada curso de Xuíz Especialista no que se inscriban.

A aplicación dos descontos será verificada polo Comité Galego de Patinaxe Freestyle atendendo ás actas, designacións ou documentación federativa dispoñible da tempada 2026.

O importe ingresarase na conta da Federación Galega de Patinaxe co concepto:

“Curso XUÍZ FREESTYLE 26/27, nome e apelidos, rol/especialidade”.

IBAN: ES25 2080 0042 5230 4002 2018

O mínimo de participantes para desenvolver a formación será de 5 alumnos/as. En caso de non acadar esta cantidade, a FGP poderá adiar a convocatoria, reorganizala ou devolver as inscricións previamente formalizadas.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Formación Xuíces Autonómicos 2026/2027

5.- DISPOSICIÓN FINAIS

- A organización poderá modificar datas, formato, horarios ou distribución das sesións por causas organizativas, técnicas, federativas ou de coordinación coa RFEP. Calquera modificación será comunicada coa debida antelación.
- A obtención da condición de Xuíz Auxiliar ou Xuíz Especialista quedará condicionada á superación das avaliacións correspondentes e ao cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e polos criterios que determine a RFEP na parte específica.
- As persoas participantes deberán respectar a normativa federativa, os principios de imparcialidade, confidencialidade e bo trato, así como as obrigas derivadas do Protocolo de Protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia no deporte.
- Para exercer funcións arbitrais con contacto habitual con menores, poderá requirirse a achega do certificado negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, conforme á normativa aplicable.
- Todo o non previsto nesta convocatoria será resolto pola Federación Galega de Patinaxe, a través do Comité Galego de Patinaxe Freestyle, sen prexuízo dos criterios técnicos ou formativos que estableza a RFEP para a parte específica.

A Coruña, a 05 de setembro de 2026

Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle



ANEXO I. Programa formativo e contidos por roles

1. Estrutura xeral da formación

A formación desenvolverase de forma progresiva e modular, conforme á estrutura indicada na convocatoria:

- Formación base común online: contidos xerais, marco organizativo e introdución normativa.
- Sesións presenciais ou telemáticas: resolución de dúbidas, casos prácticos, procedementos e preparación para a avaliación.
- Formación específica por especialidade: contidos técnicos correspondentes a Inline Freestyle, Roller Freestyle e/ou Skate Cross, impartidos conforme aos criterios e responsables que determine a RFEP.
- Avaliación, práctica ou validación: proba teórica, supostos prácticos e/ou validación en competición cando proceda.

A superación das fases e avaliacións correspondentes determinará a acreditación do rol alcanzado, de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria e polos criterios específicos que poida fixar a RFEP.

2. Contidos comúns para todos os roles

2.1. Marco organizativo e responsabilidades

- Estrutura arbitral nas probas da FGP.
- Funcións e límites dos roles de Xuíz Auxiliar, Xuíz Especialista e Xuíz Principal.
- Principios de imparcialidade, confidencialidade, independencia técnica e conduta arbitral.
- Protección de menores, bo trato e contornas deportivas seguras.

2.2. Normativa e procedementos xerais

- Regulamentos aplicables por modalidade e disciplina.
- Procedementos de competición: acreditación, chamadas, quendas, comunicacións oficiais e control operativo.
- Incidencias, reclamacións e protestas: tipoloxía, prazos e canles de tramitación segundo normativa aplicable.
- Coordinación coa organización, speaker/MC, mesa arbitral e persoal técnico.

2.3. Ferramentas e documentación

- Actas, rexistros, modelos de control e documentación oficial da competición.
- Procedementos de verificación, evidencias e revisións cando proceda.
- Boas prácticas de trazabilidade documental e publicación de resultados.

3. Contidos específicos por rol

3.1. Xuíz Auxiliar

Obxectivo: capacitar para tarefas de apoio operativo, asistencia á mesa arbitral e control básico durante a competición.

- Fluxo dunha proba: fases, chamadas, orde de saída, tempos e incidencias.
- Control de tempos e quendas: inicio, fin, interrupcións e incidencias de pista.
- Rexistro e apoio documental: listaxes, resultados provisionais e orde de participación.
- Apoio técnico e loxístico: coordinación de pista, material e comunicación coa mesa arbitral.
- Procedemento de recollida e conservación de evidencias cando se solicite.

Avaliación asociada:

- Proba teórica básica sobre contidos comúns e procedementos xerais.
- Exercicio práctico guiado ou simulación de control de quendas, tempos e rexistros.

3.2. Xuíz Especialista



Convocatoria Formación Xuíces Autónómicos 2026/2027

Obxectivo: capacitar para xulgar con solvencia técnica unha modalidade ou disciplina concreta, conforme aos criterios específicos que determine a RFEP.

- A acreditación obtense por especialidade.
- A acreditación habilita exclusivamente para as especialidades superadas.
- Pódense obter varias especialidades de forma independente.

3.2.1. Inline Freestyle

- Regulamento específico e condicións de validez das disciplinas de Inline Freestyle.
- Criterios técnicos, procedementos de execución, penalizacións, repeticións, nulos e incidencias segundo cada disciplina.
- Sistemas de avaliación, cronometraxe, rexistro, clasificación e desempates cando proceda.
- Aplicación práctica en disciplinas como Speed Slalom, Classic, Battle, Derrapes, Salto e outras que figuren na normativa vixente.

3.2.2. Roller Freestyle

- Regulamento específico e condicións de validez nas disciplinas de Street, Park e Bowl.
- Criterios de valoración técnica: execución, dificultade, variedade, control, fluidez e uso do espazo.
- Penalizacións e supostos frecuentes: interferencias, saídas de pista, elementos non válidos e incidencias de seguridade.
- Procedemento de avaliación e consolidación de resultados segundo normativa aplicable.

3.2.3. Skate Cross

- Regulamento específico e condicións de validez en Skate Cross, Team Cross, Roller Cross e Pump Track.
- Procedemento de contrarreloxo, mangas, eliminatorias, progresións e clasificacións.
- Incidencias típicas: saídas, invasións, bloqueos, caídas, interferencias e sancións.
- Criterios de desempate, reclamacións e protestas conforme á normativa aplicable.

Avaliación asociada ao rol de Xuíz Especialista:

- Proba teórica específica por especialidade.
- Exercicio práctico ou simulación da especialidade.
- Validación en práctica real de competición cando proceda.

3.3. Xuíz Principal

Obxectivo: capacitar ou validar a persoa xuíza para coordinar a mesa arbitral, unificar criterios, atender incidencias, supervisar resultados e garantir a trazabilidade completa da competición.

- Coordinación do equipo arbitral: asignación de funcións, fluxos de traballo e comunicación interna.
- Dirección e control do procedemento de competición: chamadas, quendas, tempos, incidencias e reaxustes operativos.
- Atención e tramitación de reclamacións e protestas conforme a normativa.
- Xeración, validación e publicación de ordes de saída, resultados provisionais e resultados oficiais.
- Peche documental da competición: actas, listaxes finais, incidencias e documentación de soporte.

Avaliación asociada:

- Proba teórica avanzada ou validación técnica cando proceda.
- Supostos prácticos de dirección arbitral, resolución de incidencias e consolidación de resultados.
- Observación ou validación en competición cando así se determine.

4. Criterios de acreditación e efectos

4.1. Acreditación de Xuíz Auxiliar

- Obtida tras superar a formación base e a proba básica correspondente.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Formación Xuíces Autonómicos 2026/2027

- Habilita para tarefas de apoio e asistencia, baixo coordinación do equipo arbitral.

4.2. Acreditación de Xuíz Especialista

- Obtida tras superar a formación e avaliación específica da especialidade correspondente.
- Habilita exclusivamente para as especialidades superadas.
- A súa validez e recoñecemento quedarán condicionados aos criterios federativos aplicables e ás actualizacións regulamentarias da tempada.

4.3. Habilitación como Xuíz Principal

- Require experiencia arbitral acreditada e condición de Xuíz Especialista nas disciplinas da proba na que se exerza a función principal.
- A designación como Xuíz Principal corresponderá á FGP ou ao órgano competente en cada competición.

4.4. Actualización e reciclaxe

- A FGP poderá requirir actualizacións, reciclaxes ou novas avaliacións cando se produzan cambios regulamentarios relevantes.
- A RFEP poderá establecer criterios complementarios de formación ou habilitación para a parte específica de cada especialidade.